

González Seoane, Ernesto Xosé (2012): “Notas sobre a funcionalidade do popularismo léxico nos textos galegos do Prerrexurdimento”, en R. Mariño Paz (ed.): *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 261-286.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

**NOTAS SOBRE A
FUNCIONALIDADE DO
POPULARISMO LÉXICO
NOS TEXTOS GALEGOS DO
PRERREXURDIMENTO**

Ernesto Xosé González Seoane
Instituto da Lingua Galega,
Universidade de Santiago de Compostela

1.

Hai pouco máis de vinte anos, o profesor Klaus Bochmann, da Universidade de Leipzig, presentaba no *XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas* (Santiago de Compostela, 1989) unha comunicación titulada “Valeurs et fonctions pragmatiques des premiers textes modernes en galicien issus de la Guerre d’Indépendance de l’Espagne (1808-1814)”. Nela, tras analizar diversos textos producidos no período indicado, o noso autor concluíu:

Les premiers textes modernes en galicien avaient pour but unique l’instruction politique et l’entraînement des couches populaires non castilophones dans les actions politiques de la Guerre de l’Indépendance et de la première révolution espagnole. Tout autre interprétation qui y verrait un signe prématuré du Rexurdimento serait hasardée.

(Bochmann 1992: 78-79)

Case simultaneamente, a comezos de 1990, o profesor Ramón Mariño publicaba en *Grial* un extenso artigo, “Motivacións para o emprego da lingua galega na literatura política dos primeiros anos do século XIX”. Neste traballo, o autor concordaba en liñas xerais co parecer do profesor alemán e xustificaba o emprego do galego apelando, en primeiro termo, ao “decoro poético”, entendido como adecuación ou correspondencia entre o estilo ou, neste caso, a lingua adoptada e o tema tratado ou a extracción social dos personaxes que interveñen no coloquio. Ademais, sinalaba que o emprego do galego estaría ao servizo dunha “estratexia didáctica destinada a posibilitar que as diversas mensaxes espalladas chegasen eficazmente ás camadas máis humildes da poboación” (Mariño 1990: 66). Deste xeito, fronte a outros textos de carácter tamén propagandístico aparecidos nesta mesma época, escritos tamén por autores galegos e destinados tamén a un público galego, só que redactados en castelán, os nosos textos responderían máis ben a un “desexo de chegar con máis eficacia a unha clase de receptor galego que quizais

tiñan abandonado os escritores na outra lingua: campesiños, mariñeiros e outra xente humilde que malamente coñecería o castelán. As obras redactadas nestoutro idioma presentaban xeralmente un carácter culto, serio, e semellaban estar destinadas, principalmente, a persoas cultivadas que, ou falaban castelán a cotío, ou non tiñan problemas para entendela ou utilizalo” (Mariño 1990: 66-67).

De acordo con isto, o emprego do galego na produción escrita publicada ao longo da primeira metade do século XIX, recollida toda ela ou case no volume *Papés d’ emprenta condenada*, respondería maioritariamente a esta finalidade pragmática e utilitaria. A través da adopción do galego como lingua vehicular os autores destes textos aspirarían a conseguir a máxima eficacia na transmisión dunha mensaxe que se desexaba difundir entre unha masa de poboación popular eminentemente galego-falante.

Con algunhas leves matizacións, esta presentación é xeralmente aceptada na historiografía lingüística galega. De feito, afirmacións de corte semellante tivemos oportunidade de escoitalas noutras sesións deste simposio. Pois ben, partindo desta concepción, aínda que con algún que outro matiz que logo teremos oportunidade de ver, nas páxinas que seguen tentaremos analizar en que medida e de que xeito isto condiciona a interpretación dos trazos lingüísticos e, en particular, dos elementos léxicos, de certos elementos léxicos, presentes nos textos.

2.

Segundo acabamos de ver, a presenza do galego nos textos das primeiras décadas do século XIX persegue un obxectivo pura ou, polo menos, primariamente utilitario. Pola razón que sexa, os seus autores entenden que lles resulta máis *útil* adoptar o galego e fano. Para sermos máis precisos, esta afirmación é válida para unha boa parte dos textos producidos no período; se se quere, precisamente para un conxunto deles que poderíamos considerar como os máis característicos ou representativos do período. Referímonos, obviamente, aos textos de “axitación e propaganda”, que sen dúbida son, de entre toda a produción do prerrexurdimento, os que presentan uns perfís máis singulares, fronte a outro grupo de textos, tamén bastante nutrido pero de feitura máis convencional, formado principalmente por poemas líricos, satíricos, costumistas ou de circunstancias, que en certo modo manteñen unha liña de continuidade cos producidos durante os Séculos Escuros.

De acordo con isto, na produción textual recollida nos *Papés* imos establecer unha distinción básica entre (a) textos literarios (entendendo por tales os que manifestan pretensións literarias, independentemente da súa calidade) e (b) textos de axitación e propaganda, é dicir, de intencionalidade abertamente política e proselitista.

Parece evidente que o emprego do galego nuns textos e noutros persegue finalidades diferentes e obedece a motivacións así mesmo diferentes. Neste sentido, a concepción utilitaria da que vimos falando poderíase predicar do segundo grupo de textos, pero sería máis dificilmente atribuíble ao primeiro. Naturalmente, esta aseveración non contradí o afirmado por Bochmann ou por Mariño, que se refiren, respectivamente, aos textos escritos durante e inmediatamente despois da Guerra da Independencia e á “literatura política” dos primeiros anos do XIX.

3.

En todo caso, por máis que a intencionalidade sexa diferente en cada un destes grupos de textos, tanto uns coma os outros vense en maior ou en menor medida afectados polas esixencias do “decoro poético” de que fala Mariño ou, se se prefire, polo imperativo da verosimilitude. Deste xeito, nunha boa parte dos textos de corte máis ben literario a presenza do galego xustifícase polo feito de se tratar de composicións que empregan metros e estrofas populares e que están postas en boca de campesiños ou, en xeral, de personaxes populares. Tal acontece, por exemplo, na *Casamenteira* (1812), onde os parlamentos dos personaxes, populares todos eles, están en galego en tanto que as indicacións escénicas aparecen escritas en castelán; en boa parte dos poemas de Turnes, que portan títulos tan significativos como “Letrilla de los labradores gallegos a los Regios Desposorios de S.M.” (1829) ou “Felicitación crítica por dos labradores gallegos” (1842); nos “Contos da aldea” de Xoán Manuel Pintos (1846), ou en “Taresa e Tomás” de Marcial Valladares (1846), por citar algúns casos que parecen máis claros.

4.

Nos textos de axitación política, que pretenden difundir determinadas ideas e, sobre todo, conseguir a adhesión a elas de sectores da poboación que tiñan o galego como lingua de instalación, a presenza do galego debe estar tamén xustificada de acordo coas regras do decoro poético. Esta xustificación conséguese basicamente a través de dous artificios.

Deste xeito, temos, por unha banda, textos en que o propio autor finxe ser un personaxe de extracción popular ou humilde, normalmente un labrego. Estes textos adoitan ir asinados cun nome ficticio, mais inequivocamente popular. Tal é o caso, por exemplo, do “Artículo comunicado” que publica a *Gazeta Marcial y Política de Santiago* o 29 de setembro de 1812, que vai asinado por un tal Xan de Mingucho; ou da *representación* dirixida ao rei Carlos IV en 1805 polos veciños da Pontedevea, asinada en nome deles por Pedro de Cima de Vila; ou da carta que en 1846 Cristobo de Xallas lle escribe a seu tío para relatarlle o levantamento protagonizado nese mesmo ano por Solís.

En boa parte destes casos o autor ficticio dos textos reforza a imaxe da súa filiación popular escusándose por se expresar mal (talvez implicitamente por facelo en galego) e xustifícase apelando á súa falta de instrución formal. Aínda así, para saír ao paso da tentación de interpretar que estes feitos menoscaban a credibilidade do autor ou a veracidade dos sucesos relatados, a miúdo esta falta de preparación formal se presenta compensada polo sentido común. Vexamos algúns exemplos.

Na “Representación que hicieron los vecinos de Pontedevea a S.M. sobre la imposición de quatro mrs. en quartillo de vino”, o suposto autor ou transcriptor da queixa coloca despois da súa sinatura un texto de desculpa a modo de posdata:

Perdone su Mercé o mal parlado, porque nonos quixo facer un Abogado si no lle dabamos sesenta réas, é nos ¡mal pecado! si non vamos á Portugal, ou Castilla nonos vemos en todo o ano.
(*Papés* 23; subliñado noso)

En 1812 a *Gazeta Marcial y Política de Santiago* publica unha “Carta recomendada” asinada por un descoñecido Ramón González Senra, que, en opinión de Mariño e Barreiro (*Papés* 78), é moi probablemente un pseudónimo. Sexa como for, o que a nós nos interesa salienta é que o autor se presenta como un labrego carente de instrución —“eu non sei falar con retrónicas, porque non andiben na escola dos jasuitas” (*Papés* 79)— que ten que interromper abruptamente a escrita da carta para atender a horta:

Non lle podo decer mais porque me saltaron na horta os carneiros do escribano [...] é voume á botalos fora nunha carreira.
(*Papés* 83)

Como mencionabamos pouco máis arriba, neste ano de 1812 o mesmo xornal publicaba un “Artículo comunicado” asinado por Xan de Mingucho. Ademais do regusto popular do nome, o personaxe preséntase a si mesmo diante do “Sr. Redactor”, e implicitamente do lector, salientando todos e cada un dos trazos a que nos vimos referindo:

Eu solle Xân de Mingucho, que vivo no lugar dos Abruños, é escribolle ésta po lo que levo dito, á mais porque oín decer que moitos levan correspondenza con bustede sin verse. Eu, *aunque son borrico sin poderme expricar como quixêra, por non ter á sabenza estrutiva, no me faltan os sentidos pra diferenciar é conocer as cousas.*

(*Papés* 85; subliñados nosos)

Temos, daquela, un grupo de textos en que o autor ficticio se presenta a si mesmo como unha persoa de extracción popular e sen instrución formal (“non andiben na escola dos jasuitas”; “por non ter á sabenza estrutiva”), circunstancias que, en principio, xustificarian o emprego do galego sen vulnerar con iso as regras do decoro.

Por outra banda, atopamos outro nutrido grupo de textos en que a voz do que se presenta como autor, e que as máis das veces nin sequera proporciona o seu nome, aparenta ser unha persoa cultivada (de feito, exprésase a miúdo en castelán) que por azar foi testemuña directa ou indirecta dunha conversa entre labregos ou personaxes populares e que, por considerala interesante, decidiu transcribirla e dala a coñecer ao público en xeral. Nun número significativo de casos, o autor ficticio preocúpase de poñer de relevo a fidelidade da súa transcripción. Vexamos uns cantos exemplos.

De 1807 datan os chamados *Diálogos dos esterqueiros*, dous textos satíricos en forma de diálogo acerca das disputas suscitadas no seo do Cabido compostelán por mor da provisión dunha praza de doutoral. Cada un deles vai encabezado por un parágrafo introdutorio en castelán, redactado en terceira persoa, en que se presenta os intervinientes no coloquio e o contexto en que este se produce. O primeiro deles resulta pouco significativo, pois tras presentar os protagonistas simplemente se limita a sinalar que “*se sabe que pasò entre ellos dos la siguiente conversación*” (*Papés* 28; subliñado noso). O segundo, en cambio, ofrece unha xustificación moito máis extensa e interesante. Nela, o autor, aínda escribindo en

terceira persoa, preséntase como testemuña directa e como simple transcritor do encontro dos participantes no diálogo:

Pasando una de estas tardes el Autor del Diálogo de los Estercoleros por la Calle de Pitèlos, hallò á Pedro de Avelleira, que estaba al parecer tomando el sol, al tiempo que subia la cuesta de Sar Diego de Carbia. Luego que viò este à su compadre se dirige à el, y abrazandole empieza *una graciosa conversacion, que por la diversidad y rareza de noticias juzgò digna de escribirse, y asi lo hizo en la manera siguiente.*

(*Papés* 37; subliñado noso)

Unha perspectiva semellante adopta, por exemplo, o anónimo autor da *Conversa no adro da igrexa*, publicada en 1813 na *Gazeta Marcial y Política de Santiago*:

Habiendo salido á fuera de la ciudad me quadró oír misa ayer domingo en una parroquia distante de aquí una legua, y al salir de ella vi en el átrio un gran corro de labradores, y acercándome á ellos *observé por un largo rato una acalorada disputa que tennian [...]; y lo que de ella pude retener en mi memoria, se lo copio por si merece insertarse en su periódico.*

(*Papés* 144; subliñado noso)

Unha xustificación case idéntica encontrámola na *Conversación entre os compadres Bértolo e Mingote*, aparecida na mesma publicación tamén en 1813:

Hallàndome el domingo 31 del pasado tomando el sol en la plaza del hospital, *observé una conversación entre dos paisanos, la que procuré retener en mi memoria, y se la copio por si gusta insertarla en su gazeta.*

(*Papés* 136; subliñado noso)

Outros textos reproducen en liñas xerais o mesmo artificio, se ben introducen lixeiras aínda que significativas variacións, como son a identificación do autor ficticio, que lle dá ao texto unha certa aparencia de autenticidade, e a declaración de que o relatado se corresponde fielmente co sucedido. Tal é o caso, por exemplo, do *Diálogo entre dos labradores gallegos afligidos y un abogado instruido, despreocupado y compasivo* (1823), coñecido tamén como *O tío Farruco*, de Pedro Boado Sánchez:

Francisco Gonzalez y Manuel Ribeira, labradores ambos y vecinos de lugares que aqui no se quieren nombrar, se encontraron casualmente en la antesala de un abogado y principiaron en ella *la siguiente conversacion, que por fortuna oyó y tuvo la curiosidad de escribir literalmente el amanuense* del mismo abogado.

(*Papés* 243; subliñado noso)

ou da *Parola de Cacheiras* (1836), que engade ademais algún detalle humorístico:

Parola k' houbo entre Goriño Antelo, Farruco Allende, é Anton Terelo a tarde de carta feira d' a outra semana n' a taberna de Cacheiras, *relatada o pé da letra p[o]r un urbano q[u]e à oeu agachado tras d' unha pipa; ó q[u]e viña de camiño*

(*Papés* 377; subliñado noso).

Por outra banda, temos outro grupo de textos, tamén dialogados coma os anteriores, en que o autor ou transcritor ficticios non interveñen coa súa propia voz. Tal acontece, no *Diálogo entre Dominjos y Farruco* (1820), nas dúas *Tertulias na Quintana* (1820), na *Parola poléteca* (1822), no *Diálogo entre Gorecho e Mingos* (1836), nos tres *Diálogos da Alameda* (1836), nas *Tertulias de Picaños* (1836) e no *Coloquio da Pontella da Cháinsa* (1837). Aínda así, nalgunha destas obras suxírese a existencia dunha testemuña ou espía responsable da transcripción e publicación da conversa. Así, por exemplo, na *Segunda Tertulia na Quintana* os personaxes que interveñen refírense á aparición en letra impresa do falado no seu anterior encontro (“tamen me estibo lendo un deareo, en que està escrito todo o que parolamos dia de Còrpus pola miñan”), refiren algunha conxectura sobre como se puido chegar a difundir o coloquio (“¿Que Gudas fue lo que habráchedes alí, que aljien vos escoitó, y lo ha ponido en letras de molde?”), e, en todo caso, reivindicán a súa capacidade, e o seu dereito, a formular opinións sobre calquera tipo de asuntos (“Sinon sabemos retrónicas comós da Vila, temos as tres potencias da alma tan boas comós que vesten de seda, porque a sensia nonchestá na vistimenta”) (*Papés* 202-203).

En cambio, no *Diálogo entre Gorecho e Mingos* (1836) son os propios protagonistas os que ao final da súa conversa toman o camiño da imprenta para que o “redautor do Bolatin” a poña en “letras de molde” (*Papés*, p. 319). Nesta mesma liña, tampouco os contertulios do *Terceiro diálogo na Alameda de Santiago* (1836) parecen estrañarse da repercusión alcanzada polas súas conversas xa publicadas.

En definitiva, o emprego do galego nos casos que acabamos de ver estaría plenamente xustificado de acordo coas regras do decoro. Trátase de textos en que alguén indeterminado ou identificado de maneira imprecisa transcribe *fielmente* e en estilo directo o falado por personaxes populares. Como corolario do anterior podemos afirmar que será tamén o imperativo do decoro o que determine que outros personaxes de extracción social máis elevada ou de maior nivel de instrución, como é o caso dos curas, tanto carlistas como liberais, que interveñen en varios dos diálogos, do avogado do *Tío Farruco*, ou mesmo do narrador ou autor ficticio, empreguen o castelán, ofrecendo, deste xeito, unha elocuente representación da diglosia.

5.

En todo caso, nos textos de axitación e propaganda o emprego do galego vai moito máis alá de constituír unha simple consecuencia da aplicación das regras do decoro. Pola contra, tal e como dicíamos ao comezo, forma parte dunha estratexia despregada para conseguir que a mensaxe que se pretende difundir chegue eficazmente aos seus destinatarios, e non tanto para evitar posibles dificultades de comunicación como para reforzar a identificación do emisor cos receptores. Esta intención está implícita en xeral en todos estes textos. Aínda así, nalgúns deles o autor ficticio preocúpase por poñer de relevo esta identidade, como acontece no romance de Manuel Pardo de Andrade titulado *Os servís e os liberás* (1820), que se inicia coa seguinte apelación ao lector:

Palurdos que vos vestides,
Como eu, de sayo de lá,
Polainas, zocos, monteira,
E un bo baloco na man
(*Papés* 209; subliñado noso).

Así e todo, o texto que máis abertamente revela a intencionalidade deste artificio retórico é o *Seor Pedro* (1840). Por se non estivese suficientemente claro, é a voz do propio personaxe a que, para non deixar ningún espazo para a dúbida, se preocupa de explicitar as conclusións que se derivan desta identificación cos lectores:

Xa sabedes, meus amigos,
 que eu son ó peisan Seor Pedro:
 como vos revolvo á terra,
 como vosoutros eu bebo,
 é como, é ando arrastrado
 por ganar un pan ben negro:
pois, sendo así, eu confío
que me darés moito creto
no que vos vou á decir,
que e tan certo como o credo:
 non teñas medo que minta,
 poño por testigo ó Ceo
 (*Papés 443; subliñado noso*).

6.

Xa que logo, e sen que isto supoña desbotar necesariamente outras posibles motivacións concorrentes, o emprego do galego forma parte dunha estratexia de aproximación aos destinatarios da mensaxe a través da asunción por parte dos autores, entre outros elementos, da súa lingua de comunicación habitual. De acordo con esta estratexia, a lingua empregada nos textos debe conter trazos ou elementos que o destinatario ha de recoñecer como propios. Trátase, sen dúbida, dunha operación arriscada, pois, de non conseguir o seu obxectivo, pode producir precisamente o efecto contrario do que se busca.

De acordo con isto, cabe supoñer que a lingua empregada nos textos que viñemos chamando “de axitación e propaganda” aspira a reflectir un galego marcadamente “popular”; dito doutro xeito, un galego no que se puideran sentir representados e co que se puideran identificar os sectores de filiación popular que constitúen o destinatario dos textos.

Doutra banda, dado que unha boa parte dos textos están pensados para unha difusión “local” (tratan temas locais, satirizan personaxes reais, coñecidos sen dúbida polos lectores, están publicados en medios de prensa de distribución local...), cabe supoñer tamén que, en coherencia con esa estratexia de aproximación ao destinatario, reflectirán un galego significativamente coloreado desde o punto de vista dialectal. A este respecto podería aducirse como proba en sentido

contrario a coñecida observación sobre a diversidade do galego oral introducida por Fernández Neira a modo de advertencia nas *Proezas de Galicia* (1810). A este respecto, debe terse en conta que este texto, aínda que formalmente moi semellante a outros textos dialogados, presenta certos trazos que o singularizan fronte a eles. Así, neste caso temos un autor histórico, unha persoa que asina co seu nome, que ofrece datos da súa peripecia vital e que non se presenta como simple testemuña fiel dunha conversa, senón que desde o mesmo prólogo da obra desvela o artificio retórico da obra ao afirmar que vai “*referir baxo una conversacion rústica una pequeña porcion de la multitud de echos héroicos que hasta ahora ignoran muchas personas, y harán eterna la gloria de mis caros compatriotas los Gallegos. Me lisongeo de haber sido exácto en la relacion de los hechos y sus circunstancias*” (*Papés* 55; subliñado noso). Con todo, na advertencia citada chega moito máis alá cando confesa a súa intervención sobre a lingua do texto:

La diversidad que se observa en la pronunciacion y significacion de términos en cada una de las siete Provincias del Reyno de Galicia, *me ha precisado á omitir muchos*, que ciertamente no se entenderian, y *solo me valí de aquellos mas claros del país*, á fin de que con la mayor facilidad puedan todos comprender su lectura (*Papés* 55; subliñado noso).

Estamos, pois, diante dun texto que, cando menos en aparencia, e a diferenza dos anteriormente citados, aspira a unha difusión xeral, e non simplemente local; de aí que o seu autor prescinda daqueles trazos que interpreta como menos difundidos. Daquela, seguindo este argumento, nos textos de difusión máis restrinxida caberá esperar en principio unha explotación dos trazos máis característicos do galego local co fin de facilitar a identificación emisor-receptor de que viñemos falando ata aquí.

7.

Debemos inferir de aquí que a lingua dos textos, e máis especificamente dos textos de propaganda política, constitúe sen máis unha representación fiel do galego popular e, eventualmente, dialectal? Certamente non, ou polo menos non de maneira mecánica. Un claro exemplo podemos encontralo na presenza frecuente de formas verbais perifrásticas no galego de Fernández Neira, que de ningún xe-

to podería ser interpretada como unha proba da súa vixencia ou da súa difusión no galego popular da primeira década do século XIX.

Ora ben, o que si cabe presumir é que a lingua que reflicten estes textos contén un número significativo de elementos que os seus autores identifican, acertada ou desacertadamente, como característicos dos sectores populares sobre os que pretenden influír. Como é evidente, estes trazos característicos poden ser de carácter fonético (gheada, seseo), morfosintáctico (formas de tratamento, morfoloxía verbal ou nominal), léxico ou estilístico.

8.

Máis concretamente, no terreo do léxico son varios os recursos que se explotan para producir o efecto dunha lingua popular e auténtica. En primeiro lugar, cabería citar a presenza frecuente de solucións que, na terminoloxía lingüística actual, denominariamos popularismos ou vulgarismos. Así, os textos que estamos a comentar rexistran todos os procesos de vacilación fonética que aínda hoxe caracterizan a lingua oral e popular. Ademais do léxico común, resultan particularmente afectados os vocábulos pertencentes ao ámbito da administración, civil ou eclesiástica: *alacayo*, *apodrado*, *audante*, *canonego*, *consequiero*, *dotoral*, *fensión*, *fnsión*, *lecencia*, *oposeson*, *outensilios*, *perdicar*, *pervisor*, *sacretario*, *su Selensia*, *títalo*, *trabutos*, etc.

A inmensa maioría destas solucións corresponden, con toda seguridade, a formas rexistradas ou rexistrables no galego oral. Outras, en cambio, constitúen evidentes manipulacións por parte dos autores para conseguir un efecto humorístico, como o *Napoladrón* de que fala Manuel Pardo de Andrade no seu romance *Los serviles y los liberales* (1820) (*Papés* 222), ou o reino de *Bolanda* 'Holanda' que aparece mencionado na *Carta recomendada* de González Senra (*Papés* 82), ou o *don Antendente da Cruña* que se cita na *Representación dos veciños da Pontedeuva* (1805) interpretando a denominación dun cargo como nome de persoa (*Papés* 22).

9.

Nesta mesma liña podería inscribirse o recurso relativamente frecuente, tamén con finalidade satírica ou humorística, a situacións escatolóxicas, como o episodio de *O litigante labrador* (1837) en que o protagonista, atacado de diarrea, se

ve primeiro obrigado a defecar na rúa e logo é obrigado por un soldado a recoller á man os seus propios excrementos:

Fíxoma sacar do sitio
e coa man apañala,
botándoa na monteira
sen quedar unha migalla,
e coberto cò capote
y a manteiga ben tapada,
marchéi d'aquela maneira
conducindo a empanada
hasta chegar ao Orzán
e naquel mar valeirala
(*Papés* 433-434)

Non é difícil atopar exemplos deste mesmo tipo. Sirva de mostra estoutra pasaxe do *Diálogo entre Dominjos e Farruco* (1820):

Farruco.- ¿Con que eses papès que leche non balen nada, exá podo fumalos ou limpiarlò cu con eles?
Dominjos.- No fasas, que pode que aljun home de ben, è da queles que son próximos chos pida para faser presente os novos mandons as picardias è maldades que nos fixêron, he que cheje ò día en quelle demos con eles uns bos bomitorios é purgantes, e voten po la voca è cu canto mal comeron, dandolle un dolor de tripas, de maneira que os palasios se desfajan, è os nosos potes con as mantas è leyras volvan para à casa, è asi mismo as bacas, cabras è ovellas volvan outra vez ò quinteiro.
(*Papés* 181)

10.

Por outra banda, detectamos tamén con algunha frecuencia un recurso que consiste na evitación de certos vocábulos cultos ou, máis ben, desusados na lingua popular ou que desginan conceptos ou obxectos novos ou pouco comúns no mundo rural galego da época. Para substituír estas palabras os autores recorren comunmente á súa descrición con palabras comúns e, sobre todo, á comparanza con obxectos da vida

cotiá que sen dúbida resultarían máis familiares para o destinatario das obras. Deste xeito, as aguias imperiais dos estandartes do exército francés convértense nas *Proezas de Galicia* (1810) en “paomas cos brazos abertos” espetadas nuns paus (*Papés* 57) e, de xeito semellante, as olivas encurtidas aparecen descritas no *Primeiro diálogo dos esterqueiros* (1807) como “unas que vi[n]an en agua / que eran como siriguelas; / pro pra min estas non eran, / que metin una na boca / é huben de botar os figados” (*Papés* 33). Tampouco escapan a este tipo de comparanzas os morrións que levaban os dragóns do exército imperial francés, que en dúas ocasións son descritos como bacías de barbeiro polos guerrilleiros que dialogan nas *Proezas* (1810). A segunda desta pasaxe resulta especialmente significativa na medida en que mostra a resistencia dun dos interlocutores a aceptar a precisión léxica con que trata de corrixilo o seu compadre:

Mingote.- [...] Nosoutros mais ben nos tirabamos os Dragons que ò mismo era coller un que aber disputas sobre quen lle abia de tirar mais polo rabo de besta queles colgaba na queelas que son coma as bacenicicas dos Barbeiros.

Chinto.- Esos chamanse Morrións.

Mingote.- Non quero saber como se chaman, porque para min non teñen mais nome que bacenicicas.

(*Papés* 59)

Esta sorte de comparacións vulgarizadoras proporcionanlles aos autores, ademais dunha excelente oportunidade para producir un efecto humorístico, a posibilidade de achegarse aos destinatarios da obra, evitando o emprego de léxico descoñecido ou pouco familiar para eles, e ao tempo, reforzar a súa verosimilitude. Estas son, sen dúbida, as razóns que algúns anos atrás impulsaron a Sarmiento a botar man con frecuencia deste recurso. En efecto, o “estilo pueril” que adopta nas *Coplas* constitúe un excelente caldo de cultivo para este tipo de comparacións. Deste xeito, e por citar só un par de exemplos, nas coplas 183 a 185 os abanos das damas describíense por contraste cos que se empregan para aventar o lume nas lareiras e, pouco máis adiante, o embalsamamento do rei preséntase, de xeito abertamente irreverente, como se se tratase da limpeza e condimentación dun peixe:

Depois non-ho vim,
mais supen, por certo,

qu' 'o corpo do rey
ó lañaran presto.
Sacaronlle á maga,
botaronlle drento,
sal è mais vinagre,
allos é mais cheiros
(Sarmiento: 1995: 151-152).

En cambio, noutras ocasións en que o vocábulo potencialmente escuro non se evita os autores optan por introducir unha aclaración a través do propio diálogo. Isto acontece, por exemplo, a propósito do adxectivo *inxurioso*, que non comprende un dos participantes na *Segunda Tertulia na Quintana* (1820):

Alberte.- Pois aínda non vos hé esa burricada sola, sinon que polo que me dixô meu amo, foron ó Xûes de primeira istansia, e este despois de haberlles aconsellado que non fixêsen caso, vendo que non se guiaban por el, dixôlles que fosen à Xûnta de Sensúra da Cruña: así o fixêron, e a Xûnta, segun contas, dou o tal deareo por *inxúrioso en parte*.

Xâcobe.- ¿E que quer dísir, *inxúrioso*?

Alberte.- Hé o mesmo que quitar o créto á alguén, ou de obra, ou de palabra.

(*Papés* 203)

O mesmo sucede coa voz *axente*, que lle causa problemas ao Mingote da *Conversa entre os compadres Bértolo e Mingote* (1813):

Bértolo.- Eu tampouco; solo sí me dixô ó da quintà que era un coma él, que corria con preytos, é que era axênte dos canónejos; que estivera en Madril, é que agora estaba en Cais.

Mingote.- Basta, basta. ¿E que quer decer axênte compadre?

Bértolo.- Sodes muy burro. O mesmo que precurador que corre con preytos.

(*Papés* 139)

Estas pautas obsérvanse de maneira xeral nos textos de intencionalidade satírico-política, mais isto non impide que se rexistre algunha que outra excepción notable. A máis destacada constitúea sen dúbida a *Parola de Cacheiras* (1836), un

texto certamente singular, e non só por esta razón (é, de feito, dos poucos textos en galego que defenden un programa político abertamente reaccionario). Nela o léxico culto e abstracto aparece profusamente empregado (*duodécima, sumptuoso, quebradizo, efusión, pontífice, calamitoso, incontinencia*, etc.), aínda que alternando con popularismos de toda clase.

11.

Outro medio empregado a cotío para subliñar a autenticidade do galego posto en boca dos personaxes populares é o recurso constante ás interxeccións e aos enunciados e expresións formularias utilizados para maldicir ou para bendicir, para expresar sentimentos ou estados de ánimo (alegría, sorpresa, desagrado, enfado, etc.), para captar ou manter a atención do interlocutor, para saudar ou para despedirse, etc. Sen pretensión ningunha de sistematicidade ofrécese a seguir unha pequena mostra de solucións escasamente difundidas na actualidade:

Afellas

Aydapuxa

Ayga (ayga que astrusia)

Canté

Caracha

Cata

Dou ao demo

Malas fadas te faden

Mama frade

Rape o deño

Testos días

Tou, tou, rabela

Vállacho a perdamá

Véigacho o demo

Voto aos cravos do carro

12.

Non moi diferente é a función que desempeñan as locucións e unidades pluri-verbais que aparecen profusamente empregadas nos parlamentos dos personaxes

populares, e que contribúen a reforzar a imaxe de autenticidade que se pretende imprimir aos textos. A continuación poden verse uns poucos exemplos:

Bater os dentes ‘tremor co frío ou co medo’

Botar (gastar) borra ‘fachendear, presumir’

Botar algo á palla perra ‘botar a sortes’

Botar de perda ‘notar ou percibir a ausencia de algo’

Botar os figados ‘esforzarse ata o esgotamento’

Cagar chispas e demos ‘estar moi enfadado’

Contar algo por punto e coma ‘relatalo con todo detalle’

Coñecer algo como as mans ‘coñecelo perfectamente’

Dar pasaporte ‘matar’

Facer de caso (de conta) ‘supoñer’

Ir aos pelos ‘pelexar’

Pisar en ovos ‘facer algo ou moverse con moito coidado ou con cautela’

Saír a porca mal capada ‘saír mal un asunto’

Ter algo boa traza (en sentido irónico) ‘ter poucas posibilidades de levarse a cabo, de realizarse’

Tratar a alguén como besta de bagaxe ‘tratar mal a alguén’

Capítulo á parte merecen as comparacións ponderativas lexicalizadas, que se empregan para salientar a posesión dunha determinada calidade a través da comparación cun elemento a quen convencionalmente se considera que a posúe en grao máximo ou, polo menos, moi elevado. Velaquí uns poucos exemplos:

Bonita coma unha prata

Ledo coma un cuco

Longo coma unha palla

Máis feo que o Trasto

Teso coma un garabullo

13.

Por último, considero que a este mesmo obxectivo de procura da autenticidade e dunha identificación da lingua dos textos co galego popular responde o emprego

de certas solucións léxicas que neste momento é case seguro que se encontraban xa en franca recesión (cando menos a vulgar polos datos que ofrecen os textos inmediatamente posteriores). Moi probablemente, isto é o que explica a presenza frecuente de palabras en *-zón* alternando coas rematadas na solución maioritaria *-ción*. Tal e como se pode ver no Anexo I, a distribución destas dúas formas non parece obedecer a ningún criterio claro. De feito, despois de analizar os exemplos rexistrados neste período, Mariño (1998: 739) conclúe que “a escolla entre *-ón* e *-ión* é por unha banda, opcional, mais, pola outra, arbitraria e case aleatoria. É opcional porque a aparición, en maior ou menor medida, da solución *-ón* depende en primeira instancia da vontade de autores como Fernández Neira, Fandiño [...]. É arbitraria e case aleatoria porque non se advirten claramente criterios firmes que guíen a elección dos resultados dentro de cada un dos textos [...]. Parece, pois, que de momento podemos conxecturar que a presenza ou ausencia da terminación *-ón* nestes textos non depende tanto do xénero que se cultive (diálogo, poema ou artigo, con aire “culto” ou con aire “popular”), como da decisión individual, non sempre coherente, de determinados autores, ou da posible vontade colectiva da dirección dalgunha publicación como a *Gazeta Marcial*”.

En calquera caso, o que parece fóra de toda dúbida, e así o sinala tamén Mariño (1998: 754), é que por volta do primeiro terzo do século XIX as formas en *-zón* debían estar aínda vixentes na lingua oral. Aínda máis, analizando as formas rexistradas nos textos, podemos descartar con seguridade que a distribución entre *-zón* / *-ción* fose de natureza léxica; pola contra, tanto unha solución coma a outra parecen funcionar nesta altura como sufixos produtivos para a formación de substantivos deverbais indicadores de acción.

Por outra banda, se atendemos á distribución porcentual dunhas e outras, semella claro tamén que as formas en *-ción* estaban gañando claramente a partida ás súas rivais, sobre todo contra finais do período considerado, onde a presenza de voces con *-zón* se reduce moi significativamente.

Ademais, parece obvio que a selección dunha ou doutra solución ou a alternancia de ambas nos mesmos textos é o resultado dunha “decisión individual” ou da “vontade colectiva” dos seus autores. En todo caso, o verdadeiramente relevante non é tanto isto como identificar cal ou cales podían ser nesta altura os factores determinantes ou condicionantes da variación *-ción* / *-zón* e, en consecuencia, que efecto podían buscar os autores destes textos ao seleccionar unha solución ou outra.

Con respecto á primeira destas cuestións, á vista da distribución dos exemplos, podemos afirmar que as formas en *-zón* mantiñan unha certa vitalidade, cando menos, na comarca de Compostela. De feito, a inmensa maioría dos textos que rexistran estas solucións, xa como formas únicas, xa en concorrencia con formas en *-ción*, proceden desta área. Tamén é certo que hai textos composteláns (as dúas *Tertulias de Picaños* e o segundo e terceiro *Diálogos da Alameda*) que rexistran unicamente solucións en *-ción*. Mesmo así, isto non desmentiría necesariamente a afirmación inicial. Polo que se refire a outras áreas xeográficas, os datos de que dispoñemos na actualidade non permiten avanzar ningunha conclusión.

Por outra banda, se tomamos en consideración o feito de que as formas en *-zón* aparecen nos textos precisamente en boca de personaxes de extracción popular, como son os que interveñen nos coloquios, e a carón de trazos inequivocamente populares como os mencionados máis arriba, non parece moi arriscado supoñer que a súa selección é debida á súa condición de solución propia da linguaxe popular e se cadra tamén característica dos falantes máis vellos, o que explicaría ademais a súa rápida desaparición do galego escrito nas décadas seguintes.

A falta de coherencia, ou máis ben de regularidade, na selección tampouco constituiría un grave obstáculo, na medida en que este é un fenómeno que non afecta nin de maneira exclusiva nin sequera de xeito particular a este caso concreto. Por mencionar só algúns exemplos en que a variación afecta a outros elementos á parte do sufixo, no segundo *Diálogo dos esterqueiros* atopamos ata catro variantes diferentes para o galego *función*, tres delas con iode (*finsion, fonsion, fursion*) e unha sen el (*finson*); na *Parola de Cacheiras* rexistramos as variantes *adeministrasón* e *administrasón*; no *Diálogo entre Dominjos e Farruco* (1820), a variación non afecta en ningún caso ao sufixo, que se presenta sempre baixo a forma seseante *-són*, mais si ao radical dalgunhas palabras (así, temos tres ocorrencias de *constituson* por cinco de *costituson*).

14.

En definitiva, se a adopción do galego é unha decisión instrumentalizada ao servizo dunha estratexia de aproximación aos destinatarios das obras, a presenza nelas de solucións popularizantes claramente recoñecibles como tales debe entenderse como un recurso que lles permite aos autores reforzar esa estratexia mediante a identificación deses destinatarios coa lingua empregada nos textos.

ANEXO I

DISTRIBUCIÓN DE -CIÓN / -ZÓN

TEXTO	-CIÓN		-ZÓN	
1807Esterq1			confeson esplicason (2) leuson oposeson (3)	poseson proporson relazon votason
1807Esterq2	finsion fonsion	funسیون	finson	poseson (3)
1810Proezas	accion comision confesion contribucion contusion determinacion direccion disposicion (2) division (4) divisions municions (8)	porcion posicion prebencion precision racion racion (2) reconvencion rendicion (2) resolucion xsurisdicions	imitazon indagazon	prevenzon
1812ABF1	estimacion moniciós (2)	munición		
1812ABF2	composicion	constitucion		
1812Senra	diversiós eleccion	nacion nacios	jurisdizon (3) maldizos	obrigazon
1813Adro	nasion		abolison administrason constituson (2) decrarason informason	inquisison (18) inquisiós invenson nason xênerson
1813Artigo	bendicions			

TEXTO	-CIÓN	-ZÓN
1813Bértolo		confeson elecsón constitusion (4) elecsós (2) elecson mison
1813Décima		constitusion composeson
1813MPA	absolucion nacios apelacion naciós comparacion obrigacion condenacion opinion condicion opresion (2) confesion (4) opresios consolacion oracion constitucion perdicion (5) cuestios posesion declaracion procesion devocion (3) profesion exôrtacion proteccion expresion question ficcións redencion habitacion salvacion (2) imaginacion satisfacion inquisicion (26) separacion institucións sumision intencion tentacion invencion (4) traicion (7) invencios uncion lexislacion veneracion maldicion (2) visiós (3) moderacion xurisdicion (5) nacion (9)	
1814MPA1	porcion	
1814MPA3	constitucion incrinacios	
1820ABF3	intencion	certificazon

TEXTO	-CIÓN		-ZÓN	
1820Domingos			administrason conduson (2) condusons constituson (3) contribuson	costituson (5) obligason ouservasòn xûrisdison (2)
1820MPA	conciliacion constitucion decraracion	inquisicion nacion (2) traicion		
1820Quintana1	fension (2) fundasion fundasios nasion	nasión prosision prosisios	administrason conseuson	costituson (4) obrigason
1820Quintana2	fursion nasion	satisfausion	costituson (7)	
1822Parola	conservacion constetucion (14) constitucion contestaciós	inquisicion nacion perdicion prubicacion		
1823PBS	conciliacion devocion disposicion (2) estrema-uncion intencion	municións obligacion posesion relacion velaciós		
1826NPD	afliccios	ilusios		
1829VT	bendision	nasion		
1833Compadres	conversacios	inquisicion		
1836Alameda1	consilasion (3) consilasiós	faccion	administrason (2) consilason	costituson (6)
1836Alameda2	aministracion comparacion	fausion intensions		

TEXTO	-CIÓN	-ZÓN
1836Alameda3	averiguacion espresion fausion informaciós informasion (2)	intenciós nasion pension (3) persicion
1836Cacheiras	admiracion confesion conservacion (2) consideracion consumacion corporacions corporaciós costitucion creacion despoblacion efusion espulsion formacion habitacion liciós migracion mortificacions municíós municíós (2) nacion (6)	naciós (3) oracions pension perfeccion persecucion persecucions poblacion (2) posesion (2) predicacion (2) procesion reflexion reprensios representacion (2) representaciós resolucion revoluciones sucesion traslacion veneracion
1836Gorecho	combinacions (3) combinaciós conbinacions costutucion	eleuciós nacion proposicions
1836Picaños1	administracion constitucion (2) constitucion	direusion proporcion

TEXTO	-CIÓN	-ZÓN
1836Picaños2	contribusions costitucion (2) costitusion (2) faucion	inquisicion leuciós nasion (2)
1837Chaínsa	atension conversasion eleusion	eleusión ocasions
1837Litigante	conclusión disquisición oración	prevencion relación
1837Preiteante	condición	relación
1840Seor	aficion	bendicion
1840VT	votasion	
1842Tirabeque	admisttriciom apricacion	lexislacion ouservaciós
1843Cambados	fencion (2)	percesion
1843VT	intencios	nasion
1844Rosa	atencion	
1845JMP2	aficion ausolucion bendicion composicion confesion	devosiós legislaciós maldiciós procesiós
1845VT	contribuciós	
1846AC	contribusion nasion (2)	nasios
1846Cristobo	revulusion	devisón
1846JMP	procesion	
1846MV1	condicions	oracions (2)
1846VT1	nasion nasios	subcesion
1846VT2	inauguracion	

BIBLIOGRAFÍA

- BOCHMANN, KLAUS (1992): “Valeurs et fonctions pragmatiques des premiers textes modernes en galicien issus de la Guerre d' Indépendance de l' Espagne (1808-1814)”, en Ramón Lorenzo (ed.) (1992): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Universidade de Santiago de Compostela, 1989)*. Vol. III. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 73-79.
- MARIÑO PAZ, RAMÓN (1990): “Motivacións para o emprego da lingua galega na literatura política dos primeiros anos do século XIX”, *Grial* 105, 35-67.
- MARIÑO PAZ, RAMÓN (1998): “Notas sobre a historia das terminacións *-ión / -ón* en galego”, en Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vol. II. Vigo: Galaxia, 735-760.
- Papés* = MARIÑO PAZ, RAMÓN / XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ / ROSA ANEIRO (2008): *Papés d' emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- SARMIENTO, MARTÍN (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.